



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Cerceda - ORDENANZA FISCAL Nº 7, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Publicación provisional : 02-11-2001 BOP Nº 251 -- Publicación definitiva : 02-11-2001 BOP Nº 251
Redacción Aplicable desde 31-03-2020

Redacciones

- Artigo 1. Normativa aplicable.
- Artigo 2. Feito imponible.
- Artigo 3. Construcción, instalación e obras suxeitas.
- Artigo 4. Exencións.
- Artigo 5. Suxeitos pasivos.
- Artigo 6. Base imponible.
- Artigo 7. Tipo de gravame e cota.
- Artigo 8. Bonificacións.
- Artigo 9. Devengo.
- Artigo 10. Xestión.
- Artigo 11. Revisión.
- Artigo 12.-Infraccións e sancións.

Artigo 1. Normativa aplicable.

O imposto sobre construcións, instalacións e obras rexerá neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais; e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen dita lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtívrase ou non dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.
2. O feito imponible prodúcese pola mera realización das construcións, instalacións e obras mencionadas; e afecta a todas aquelas que se realicen neste termino municipal, aínda que se esixa a autorización doutra Administración.

Artigo 3. Construcións, instalacións e obras suxeitas.

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas nas que a execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior e, en particular, as seguintes:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, ó aspecto exterior ou á disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vados para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que puidera estragarse coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, aterraplenados, agás que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de cerre dos solares ou dos terreos e dos valos, os andamios e as andamiaxes de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos e instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valas que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

Artigo 4. Exencións.

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarril, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Artigo 5. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Ós efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a condición de suxeitos pasivos substitutos do mesmo aqueles que soliciten as correspondentes licencias ou realicen as construcións, instalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 6. Base imponible.

A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible, o imposto sobre o valor engadido, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

Artigo 7. Tipo de gravame e cota.

1. O tipo de gravame será o 2,80 por cento.

2. A cota deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

Artigo 8. Bonificacións.

1. Establécese unha bonificación de ata o 50 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

1.1.-A estes efectos decláranse de interese social as obras de construción, ampliación, reforma e conservación de explotacións gandeiras e agropecuarias no termino municipal de Cerceda, que cumpran ca normativa urbanística e dispoñan de licenza de apertura ou, de ser o caso, esta estivese substuída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, previa tramitación do expediente ambiental que corresponda. A bonificación será do 50% da cota e outorgarase, de ser o caso, previa solicitude por escrito do interesado, a cal deberá presentarse previamente ó pago do ICIO por parte do interesado, e elevarase ó Pleno Corporativo, o cal decidirá por maioría simple sobre a súa concesión ou non.

A presente bonificación levarase a cabo sobre as naves, rochos, etc, vinculados directamente á explotación, sen que en caso algún poida efectuarse a mesma sobre edificacións destinadas a vivenda ou outros usos non gandeiros ou agropecuarios.

En ningún caso procederá a aprobación da citada bonificación se a obra foi iniciada sen a oportuna licenza, declaración responsable ou comunicación previa, salvo no caso de legalización de explotacións preexistentes nos termos sinalados pola normativa vixente.

2. Establecerase unha bonificación do 30 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado anterior.

3. Establécese unha bonificación do 90 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 9. Devengo.

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

Artigo 10. Xestión.

1. A xestión do imposto, levarase a cabo polo órgano da Administración que resulte competente, ben en virtude de competencia propia, ben en virtude de convenio ou acordo de delegación de competencias; todo iso conforme ó preceptuado nos artigos 7, 8 e 103 do Real decreto 2/2004; así como nas demais disposicións que resulten de aplicación.

2. A xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto levarase a cabo conforme ó preceptuado nos artigos 2.2, 10, 11, 12, 13 e 104 do Real decreto legislativo 2/2004; e nas demais normas que resulten de aplicación.

3. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar ante este Concello declaración-liquidación segundo o modelo determinado polo mesmo, que conterá os elementos tributarios imprescindibles para a liquidación procedente. Dita declaración-liquidación deberá presentarse acompañada de xustificante de ter ingresado a cota tributaria, ó mesmo tempo que insta o outorgamento da correspondente licenza urbanística.

Artigo 11. Revisión.

Os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección do imposto serán revisables conforme ó procedemento aplicable á entidade que os dite. En particular, cando ditos actos sexan ditados por unha entidade local, os mesmos revisaranse conforme ó preceptuado no artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 12.-Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Nota Legal

Servicio de Asistencia Económica a Municipios